



ACORDO DE TRASPASO DE MEDIOS PERSOAIS ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar o Decreto 37/2017, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda. Este Decreto, na súa disposición derradeira primeira, modifica o Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas, no cal, se leva a cabo unha profunda reorganización da Axencia Galega de Infraestruturas co fin de adaptar a súa estrutura e funcións ás novas tarefas que nos últimos tempos lle son obxecto de encarga polos distintos Departamentos da Xunta de Galicia. Así, máis concretamente, ademais de redefinir as funcións das Áreas da Axencia para dar cabida ás novas funcións que esta asume en materia de obras de edificación, créase o Servizo de Obra de Edificación mailo Servizo de Contratación, o que permitirá mellorar a tramitación dos expedientes contractuais competencia desta entidade, ao tempo satisfacer de xeito eficiente as encomendas que se efectúen en materia de obra de edificación.

Consonte ao disposto na Disposición transitoria terceira do Decreto 37/2017, do 6 de abril, a Axencia asumirá as encomendas que lle realicen en materia de obra civil e edificación nos ámbitos sanitarios, sociais e educativos. Progresivamente, poderá asumir novas encomendas e encargos que, dos restantes ámbitos da Administración, lle poidan efectuar as distintas consellerías e entidades públicas delas dependentes, en materia de obra civil e edificación, na medida en que se dote a Axencia dos medios necesarios para levalas a cabo.

Paralelamente, a Secretaría Xeral Técnica a través da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo, así como as Xefaturas Territoriais da Consellería na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra asumen as competencias para a incoación, instrución e proposta de resolución de expedientes sancionadores e de reposición das cousas ao seu estado anterior, de ser o caso, pola comisión de infraccións tipificadas como leves, graves ou moi graves na normativa de estradas.



Froito destas novas competencias asumidas é o cambio de dependencia do, anteriormente denominado, Servizo de Xestión Xurídico Administrativa, adscrito á Axencia Galega de Infraestruturas, que, en virtude do Decreto 37/2017, do 10 de abril pasa a depender da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo da Secretaría xeral técnica coa denominación de Servizo Técnico Xurídico II.

Procede polo tanto facer efectivo o traspaso de todo o persoal que, dependente do Servizo Técnico Xurídico II e dos Servizos Provinciais da Axencia Galega de Infraestruturas na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, veñen desenvolvendo as funcións en materia sancionadora de estradas.

A continuación detállanse os seguintes postos a traspasar:

POSTOS QUE SE INCORPORAN Á SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

SECRETARIA XERAL TÉCNICA					
COD	DENOMINACION	GR	NIV	LIÑA	OBSERVACIONES
MA.X01.00.004.15770.105	XEFATURA SECCION DE TRAMITACION	A1	25		
MA.X01.00.004.15770.110	XEFATURA SECCION XURIDICA	A1	25		
MA.X01.00.004.15770.115	XEFATURA SECCION XESTION XURIDICO ADTVO ADMINISTRATIVO	A1	25		
MA.X01.00.000.15770.050	POSTO BASE SUBGRUPO C1	C1	14		
MA.X01.00.000.15770.510	TITULADO/A SUPERIOR	I	4		Disposc transt 10ª (1ªparte) V Convenio Colectivo Único. Laboral indefinido non fixo
MA.X01.00.000.15770.511	TITULADO/A SUPERIOR	I	4		Disposc transt 10ª (1ªparte) V Convenio Colectivo Único. Laboral indefinido non fixo
MA.X01.00.000.15770.520	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IV	1		Disposc transt 10ª (1ªparte) V Convenio Colectivo Único. Laboral indefinido non fixo
MA.X01.00.000.15770.523	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IV	1		Disposc transt 10ª (1ªparte) V Convenio Colectivo Único. Laboral indefinido non fixo
MA.X01.00.000.15770.525	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IV	1		Disposc transt 10ª (1ªparte) V Convenio Colectivo Único. Laboral indefinido non fixo



POSTOS QUE SE INCORPORAN ÁS XEFATURAS TERRITORIAIS DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

XEFATURA TERRITORIAL A CORUÑA					
COD	DENOMINACION	GR	NIV	LIÑA	OBSERVACIONES
MA.X99.10.000.15001.075	XEFATURA SECCIÓN XURIDICA	A1	25		
MA.X99.10.000.15001.050	XEFATURA DE GRUPO I	C1C2	14		
XEFATURA TERRITORIAL LUGO					
COD	DENOMINACION	GR	NIV	LIÑA	OBSERVACIONES
MA.X99.10.000.27001.050	XEFATURA SECCIÓN XURIDICA	A1	25		
XEFATURA TERRITORIAL OURENSE					
COD	DENOMINACION	GR	NIV	LIÑA	OBSERVACIONES
MA.X99.10.000.32001.060	XEFATURA SECCION XURIDICA	A1	25		
MA.X99.10.000.32001.038	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	12		
MA.X99.10.000.32001.030	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	12		
XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA					
COD	DENOMINACION	GR	NIV	LIÑA	OBSERVACIONES
MA.X99.10.000.36001.050	XEFATURA SECCION XURIDICA	A1	25		
MA.X99.10.000.36001.042	XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIV	A2C1C2	18		



POSTO QUE SE INCORPORA AO SERVIZO DE MOBILIDADE DE OURENSE

SERVIZO DE MOBILIDADE					
COD	DENOMINACION	GR	NIV	LINA	OBSERVACION S
MA.X99.10.000.32001.06 0	XEFATURA SECCION XURIDICA	A1	25		

En proba de conformidade asínase o presente acordo, por duplicado exemplar, en Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017

O Secretario xeral técnico da
Consellería de Infraestruturas e
Vivenda



Joaquín Macho Canales

O Director da Axencia Galega de
Infraestruturas



Francisco Menéndez Iglesias